

ORDENANZA REGULADORA DE SUBVENCIONS PARA FINALIDADES CULTURAIAS, DEPORTIVAS, TURISTICAS , DE OCIO E DE SERVICIOS SOCIALES DO CONCELLO DA VEIGA.

ARTIGO 1º.- Obxecto:

Esta Ordenanza ten por obxecto regular o réxime e o procedemento xeral de actuación deste Concello para a concesión de subvencions, en aplicación do disposto na Lei 38/ 2003, da Lei Xeral de Subvencions.

ARTIGO 2º. - Concepto de Subvención.

Considerarase subvención , os efectos desta Ordenanza, toda disposición dineraria realizada polo Concello da Veiga a favor de persoas públicas ou privadas que se entregue sen contraprestación directa dos beneficiarios , que esté suxeita a execución dun proxecto ou a realización dunha actividade e que este proxecto ou actividade sexa de utilidade pública ou interese social e de promoción do Concello.

ARTIGO 3º.- Ambito de aplicación.

A presente Ordenanza será de aplicación a todas as subvencions que conceda o Concello da Veiga.

ARTIGO 4º. Beneficiarios:

Terán a consideración de beneficiarios:

- a) As persoas físicas que realicen a actividade que fundamentou o seu otorgamento ou que se encontren na situación de lexítima a súa concesión.
- b) As persoas xurídicas, entidades e asociacións sen ánimo de lucro domiciliadas no Municipio ou que realicen a actividade obxecto da subvención no Municipio.
- c) Agrupacións de persoas físicas, que carecendo de personalidade xurídica, leven a cabo actividades de interese social, utilidade pública e de promoción do Concello.

Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades sinaladas no apartado 2º do artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencions.
As obrigas dos beneficiarios: Serán as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de subvencions.

ARTIGO 5º.- Actividades obxecto de subvención.

Poderán ser subvencionables as actividades programadas que se realicen durante o ano da súa petición e referidas as áreas de :

- .- Actividades tradicionais, culturais e deportivas.
- .- Actividades da Terceira Idade, Muller, Infancia e Xuventude.
- .- Actividades de Servicios sociais.
- .- Actividades desenroladas por Voluntarios.

Ademáis dos criterios específicos que sexan fixados para cada convocatoria en concreto, consideraranse básicos para o outorgamento das subvencións os seguintes criterios:

- a) A interese xeral da actividade.
- b) O Déficit de actividades análogas.
- c) Axudar a realización daquelas actividades que, sin a subvención, sexan de difícil execución.
- d) O mantemento de actividades tradicionais coma: antroido, alfombras florais, festexos populares .

- Outras actividades que redunden en beneficio dos veciños e do Concello en xeral.

ARTIGO 6º.- PROCEDIMENTO EN REXIME DE CONCURRENCIA COMPETITIVA.

O procedemento en concorrencia competitiva realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, segundo o seguinte procedemento:

- O Pleno do Concello consignará nos orzamentos as cantidades anuais destinadas a atender as actividades subvencionables, distribuídas nas áreas de deporte, cultura, servicios sociais sen perxuízo dos reaxustes que procedan segundo os ingresos definitivos que se obteñan e aprobará anualmente o denominado “Plano estratéxico de subvencións”, que será publicado conxuntamente co orzamento municipal no Boletín Oficial da Provincia.
- O procedemento ordinario de concesión de subvencións será o seguinte:
Será convocado por Decreto da Alcaldía para cada caso concreto e publicado no Taboleiro de anuncios do Concello e mediante Bandos a todos os pobos segundo as actividades que o Concello subvencione e comunicarse as asociacións inscritas no concello e especificará obxecto, requisitos, prazo de presentación de solicitudes, documentación necesaria determinada na convocatoria, criterios de valoración, prazo de resolución e notificacións.

Será aprobado por Decreto da Alcaldía, previo informe das concellerías correspondentes segundo o obxecto de que se trate. A resolución seralle notificada os beneficiarios .

ARTIGO 7º. PROCEDEMENTO DE CONCESION DIRECTA.

Poderán concederse de forma directa as subvencions previstas nominativamente na presente Ordenanza, aquelas outras cuio outorgamento veña imposto por outra Administración pública por norma de rango legal e aquelas outras que , con carácter excepcional , se especifican no apartado 7 deste artigo.

7º. 1. Subvencions á Comisión de Festas.

As subvencions que, tradicionalmente, se veñen outorgando para a celebración de festas populares en cada un dos vintenove núcleos de poboación do Municipio da Veiga, acadarán os seguintes importes:

- a) Subvencions ás Comisións de Festas: 120,00 euros.
- b) Subvención á Comisión de Festas da Veiga: 1.500,00 euros.

Para obter a subvención deberán ter a preceptiva autorización para a celebración de festexos.

O gasto comprometido e a orde de pago será realizada por Decreto da Alcaldía con cargo a partida presupuestaria 4.48 do orzamento de gastos.

7º.2. Subvencions á elaboración de alfombras florais.

As subvencions que, tradicionalmente, se veñen outorgando para fomentar a participación cidadá na elaboración de alfombras florais co gallo do Corpus Chistie, concederanselle as agrupacións de veciños por barrios ou as asociacións ou agrupacións que participen, previa inscrición no Concello, por un importe de 90,00 euros.

O Gasto comprometido e a orde de pago será realizado por Decreto da Alcaldía, con cargo a partida 3.22 do orzamento de gastos.

7º.3. Subvencions á participación no entroido.

As subvencions que, tradicionalmente, se veñen outorgando para fomentar a participación cidadá no entroido, concederanselle as

agrupacións de veciños ou asociacións que participen con comparsas, folions, ou carrozas de entroido por importe de 90,00 euros, previa inscrición no Concello.

Estabrecese una subvención por Premio especial ó BOI, por importe de 120,00 euros.

O Gasto comprometido e o pago realizado será aprobado por Decreto da Alcaldía, con cargo a partida 3.22 do orzamento de gastos.

7º.- 4 Subvencións ó Voluntariado.

Os veciños que participen en calidade de voluntarios con actividades desenroladas polo Concello, poderán recibir unha subvención por importe de 120,00 euros, como máximo, por a actividade total realizada.

As Concellerías que correspondan ou a Alcaldía deberá presentar unha memoria da actividade a levar a cabo, que deberá ser aprobada pola Xunta de Goberno Local, con cargo a partida presupuestaria 3.22 do orzamento de gastos.

7º.-5. Subvencións a alumnos en prácticas.

En base os acordos de cooperación coa Universidade de Santiago de Compostela e centros de ensinanza de Viana do Bolo e O Barco de Valdeorras para que alumnos destes centros realicen as súas prácticas neste Concello, poderanselle outorgar axudas ós alumnos que realicen efectivamente as súas prácticas ata un máximo de 300,00 euros por alumno.

A disposición de gastos e ordenación de pagos corresponderalle a Alcaldía, con cargo a aplicación presupuestaria 4.48 do orzamento de gastos.

7º.- 6. Subvencións de emerxencia social.

Poderanse conceder subvencións por emerxencia social a veciños do Concello que se atopen en situación económica ou social que lexitime a súa concesión.

Previo informe dos Servicios Sociais do Concello, a Concellería de Servicios Sociais presentaralle a Xunta de Goberno Local os posibles beneficiarios e será este órgano o competente para a disposición de gastos e ordenación de pagos, con cargo a aplicación presupuestaria 3.48 do orzamento de gastos.

7º.- 7. Axudas á natalidade.

Co gallo de premiar ós nacementos no noso concello, dado a problemática do envellecemento da poboación e os escasos nacementos

establecese unha axuda por neno nacido ou adoptado, de pais con residencia habitual e permanente no Concello de 300,00 euros.

A disposición de gastos e ordenación de pagos corresponderalle a Alcaldía con cargo a aplicación presupuestaria 3.48, previa solicitude dun dos pais.

7º.- 8.a) Outras subvencións directas.

Calquera beneficiario poderá presentar solicitude de subvención directa para actividades que, aínda ser estar incluídas no Plano estratéxico de subvencións anual, por razóns excepcionais que acrediten o seu interese público, social, económico ou humanitario resulten de interés para o concello.

Estas solicitudes serán aprobadas pola Xunta de goberno local sempre que exista consignación presupuestaria suficiente e o acordo de subvención seralle notificado ó Pleno na primeira sesión que se celebre con posterioridade a súa aprobación.

b) Aquelas subvencións cuio outorgamento ou cuantía veña imposta por outra Administración Pública ou por unha norma de rango legal seguirá o procedemento de concesión que lle resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

ARTIGO 8º.- XUSTIFICACION E COBRO.

Para percibi-las subvencións concedidas de acordo coas prescricions desta Ordenanza, será preciso ter realizado a actividade subvencionada e presenta-la seguinte documentación:

1º.- Memoria detallada da actividade.

2º.- Declaración xurada de ter realizado a actividade.

3º.- Facturas de gastos cando sexa necesario a criterio da intervención municipal.

Non obstante, unha vez concedida a subvención poderanse librar pagos a conta da mesma .

O pago será autorizado por Decreto da Alcaldía ou por Acordo da Xunta de goberno local segundo a quén lle corresponda a resolución da subvención.

ARTIGO 9º.- MODIFICACION A TRAVES DAS BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO.

Os importes das subvencións serán consignados e actualizados, cando proceda, anualmente nas Bases de Execución do Orzamento.

ARTIGO 10.- APLICACIÓN DA LEI 38/2003.

Será de aplicación, no que non esté previsto nesta Ordenanza, o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencions, e especialmente no tocante a :

- .- Reintegro das subvencions.
- .- Infraccións e sancións.
- .- Responsabilidades.
- .- Obrigas dos beneficiarios.

ARTIGO 11º.- ENTRADA EN VIGOR.

A presente Ordenanza será de aplicación e entrará en vigor o día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.